

EL SUEÑO DE LA SULTANA

Isabel Herguera, 2023

1195

ESTREA EN NUMAX: 22.11.2023 | V.O.S.E. | +7


‘The dream of the Sultana’ é un relato feminista indio escrito en 1905 por Begum Rokeya Hussein. Inés é unha directora de animación española de 30 anos que se atopa en Ahmedabad para romper co seu amante indio. Casualmente entra nunha librería onde descobre esta novela na que se narra un país imaxinario gobernado por mulleres. Fascinada pola historia e a actitude transgresora da autora, Inés decide facer un filme.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)



«Unha fábula que coloca a animación española nun lugar soñado»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Isabel Herguera: «Eu imaxino as cousas en imaxes máis ca en palabras»

O filme tardou dez anos en ver a luz. Como foi o proceso de creación de El sueño de la sultana até o día de hoxe? Comezou en 2012, cando nos atopamos co libro e decidimos facer algo, pero non sabiamos que era. Comezamos facendo talleres e a raíz destes desenvolvemos unha parte da historia: a cidade das mulleres. Despois desenvolvimos algo o guión e a pre-produción até entrar de certo na produción en febreiro de 2022, cando xa tiñamos resolto como queriamos mostrar as tres partes. A produción en si rematou dez días antes da presentación no Festival de San Sebastián.

Por que tanto tempo? Eu creo que o proxecto precisaba un resposo e evolucionar ao longo destes anos. O financiamento foi difícil pero grazas a que tivemos uns maravillosos coprodutores que nos deron toda a liberdade e non presionaron tivemos esta oportunidade. Este longo percurso tamén axudou a manter o control do que estabamos a facer. Como é un proceso moi artístico, tampouco nos interesaba a rapidez dun procedemento industrial, que é máis rápido e efectivo, pero co que perdes un chisco este desexo de experimentar e de que o filme medre organicamente conforme nós tamén imos evoluíndo coa idea.

A animación do filme é unha mestura de técnicas que tes empregado noutros filmes. Exactamente. Foi unha mestura de todas elas e entre tanto fixemos algunhas curtas. Os últimos tres anos foron de moita intensidade, os outros foron de desenvolver, ver e experimentar con outras cousas.

Sobre o proceso de adaptación do filme, falamos dunha historia, que Rokeya Sakhawat Hossain escribiu hai un século. Cales foron as claves para convertelo nunha película? Que vixencia ten a súa mensaxe? A adaptación que fixen do conto é bastante literal. É moi actual porque moitas cousas non mudaron tanto e non tivemos que axustar nada para que sexa contemporáneo. Ao que si demos contemporaneidade é ao personaxe central, fío condutor da historia: Inés, unha moza que é incapaz de soñar, anda algo perdida no mundo e aférrase a este conto escrito hai máis dun século para buscar o seu propio camiño e concienciarse do que é.

Canto ten de ti este personaxe? Algunhas cousas, eu estiven nos lugares que visita. Nós fixemos unha viaxe en busca da tumba de Rokeya, fomos en busca do país das mulleres... Hai elementos que veñen da experiencia persoal e que lle dan credibilidade á historia.

Ultimamente fálase do cinema feito por mulleres ou cinema para mulleres. Avánzase para que esta etiqueta deixe de existir e poidamos normalizalo todo? Ese é o obxectivo, que dentro de 20 anos non teñamos que poñerlle etiqueta nin teñamos que contabilizar cantas mulleres son directoras ou cantos homes son acompañantes de señoras. Ten que ser todo moito máis normal, máis natural.

Por que a animación para trasladar a mensaxe? A min gustoume moito o conto. Eu imaxino as cousas en imaxes máis ca en palabras, polo que non podía nin tan sequera cuestionar ou pensar en facer algo de imaxe real. Para min pertencía á animación, porque eu gozo facéndoa. Se vas estar anos facendo algo, cando menos pasalo ben. Para min tiña que ser animación.